

Nova Comisión de selección Convocatoria Pública 11/2023

Con data 23 de decembro de 2022, publicouse a Resolución 11/2022, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i que figuran no anexo á convocatoria, a través do procedemento de contratación ordinaria (CSV: 3165-6A6D-4799-AB1C).

A convocatoria de contratación establece os “órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a Comisión Permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as Comisións Especializadas de Selección”.

Tendo en conta a solicitude presentada por D. Juan Miguel Barros Dios, na que comunica a súa abstención para intervir no procedemento de selección da praza 2022-LU147 de acordo co establecido no artigo 23.2b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

Esta Reitoría resolve aceptar a solicitude de abstención de D. Juan Miguel Barros Dios e proceder súa substitución, quedando a actual composición das Comisións de selección da praza como segue:

REFERENCIA DA PRAZA 2022-LU147

Nº solicitude: 2022/ C11M03

Presidente/a: RUANO RAVIÑA, ALBERTO

Secretario/a: VARELA LEMA, MARIA LEONOR

Vogal: PEREZ RIOS, MONICA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

Por delegación do Reitor

(Resolución do 21/04/22, DOG 26/04/22)

O Vicerreitor de Política Científica,

Vicente Pérez Muñuzuri

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, VICERREITOR DE POLITICA CIENTIFICA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/01/2023 17:37:45.

CSV: 1ED5-2B42-46B3-8240